

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 3 de setembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrência non competitiva para o ano 2021 (código de procedemento MT402B).

Advertidos erros na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 175, do venres 10 de setembro de 2021, cómpre realizar as seguintes correccións:

Na páxina 44772, onde di: «Ter remitido as contas do concello correspondentes ao exercicio orzamentario de 2020 ao Consello de Contas», debe dicir: «Ter remitido as contas do concello correspondentes ao exercicio orzamentario de 2019 ao Consello de Contas».

Na páxina 44773, onde di: «O orzamento total da solicitude é o resultado da suma dos orzamentos parciais das liñas solicitadas que o integran, incluído o imposto sobre o valor engadido, que non poderá exceder os 25.000 euros por concello no caso da liña I e de 10.000 euros por concello no caso da liña II.», debe dicir: «O orzamento total da solicitude é o resultado da suma dos orzamentos parciais das liñas solicitadas que o integran, incluído o imposto sobre o valor engadido.».

Esta corrección de erros non altera o prazo de presentación de solicitudes de conformidade co previsto na Resolución do 3 de setembro de 2021.

